

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
24/12/1966**

Colección:

Data: 24/12/1966

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 24/12/1966

Bos Aires 24-Nadal 1966.

Meu querido amigo Valentín:

Envíoches ese contrato que acabo de recibir con un duplicado que queda no meu poder, pregándoches encarecidamente me fagas o favor de tomarte a molestia de votarlle unha “olleada” e saber eisí si está ou non axeitada a tua conformidade. Como a quartela onde figuran as enmendas rubricadas por ti non ma mandaron, eu entonces non podo expoñerme a recoñecer un contrato que non veña controlado e avalado por ti. Paréceme que esto é xusto. Si ese que incluío e vai xa firmado por mín como veras, merece a túa aprobación, pídoche o grande favor de que o remitas a seguinte dirección: Sr. Don José Ortega, Alianza Editorial S.A. Padilla 22 derecha Madrid (9) Moitísimas gracias Valentín. Confidencialmente debo decirche, que dende os comezos de estas xestións e sempre firme nos mesmos conceutos, o amigo Míguez faloume de unha entrega de 30.000 peseetas cuia suma se me faría efeutiva no intre mesmo de dar eu a miña conformidade sobor do contrato, e percibir un dez por cento das vendas, cousas ambas que están trabucadas (no seu beneficio por supuesto), pero que como eu preciso vivir... pois terei que pechar os ollos e...dar marcha adiante. ¿Comprendes? Estas cousas debéronse resolver en Madrid porque tempo tivemos de abondo, pero velahí como o Bolo amasouse alá, i eiquí cangamos coas consecuencias...

O matrimonio Prada, meu bó amigo e conselleiro eiquí, está ausente. Como por cousas do negocio tivo que viaxar a Chile, aproveitaron as datas Navideñas, decidindo pasalas alá cos fillos e netos. Estrano moitísimo tan bos irmáns. De Álvaro, e Antonia, gardo emocioadas lembranzas porque foron reiteradas as atencións e agarimos que recibín dos dous. Iso non se esquece endexamáis. E ti, que por sere tamén da guardia vella, val decir un fidel irmán, procura conservarte como deica agora xa que por desgracia imos quedando poucos. Sin mais por hoxe querido Valentín, e desexando que tanto Pilar como Alfonso e ti vexades un renacer venturoso no próximo 1.967, recibido unha forte aperta da vosa

Virxinia

Como escribín de tanta presa para ir xantar con un matrimonio amigo non me paro a escribir outra carta un pouco máis limpa e axeitada por que ti eres de confianza e sabes disculpar os meus atropellos. Gracias.

[Manuscrito] Alégrome moito de que o asunto de Míguez vaia “amainando” porque é un bo rapaz e sería inxusto tal castigo. Estando nas túas mans, coidamos que está gañado o “pleito” ¡Que eisí sexa!

En Madrid, póñenme moita presa, pra que lles devolva asiña ese exemprar do contrato. Procura que sexa eisí o antes posibre. Chao

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.